



**TRAMITACIÓN DE GARANTÍAS EN AVAL E SEGURO DE CAUCIÓN ANTE A CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS DA C.A. DE GALICIA DURANTE LA VIXENCIA DAS MEDIDAS RESTRICTIVAS Á MOBILIDADE DERIVADAS COMO CONSECUENCIA DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA .**

As entidades que teñen asinado un Convenio de Colaboración coa Consellería de Facenda poden presentar ante a Caixa Xeral de Depósitos garantías en documento de aval a través de plataforma de presentación telemática de avais da Consellería de Facenda. Na actualidade estas entidades son:

- As Sociedades de Garantía Recíproca : SOGARPO E AFIGAL .
- As entidades de crédito: ABANCA, BBVA e CAIXABANK.

De xeito excepcional, e durante a vixencia das medidas restrictivas á mobilidade derivadas da declaración do estado de alarma, para o resto de entidades habilítase un procedemento excepcional para a presentación de garantías en documento de aval ou de Seguro de Caución na Caixa Xeral de Depósitos:

**-Condicións de presentación:**

- Remisión electrónica: A Caixa Xeral de Depósitos da C.A. de Galicia admitirá a presentación de garantías presentadas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento: **PR004A**), e dirixida á dirección xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.
- Simultaneamente poderá enviarse a documentación, mediante correo electrónico ao seguinte buzón: [caixa.xeral.depositos@conselleriadefacenda.es](mailto:caixa.xeral.depositos@conselleriadefacenda.es). Neste caso, deberá xuntarse o xustificante de saída do rexistro electrónico.

**. Documentación que se debe aportar:**

A entidade garante (entidade de crédito, entidade aseguradora ou sociedade de garantía recíproca) enviará a seguinte documentación:

- O documento de aval ou certificado de seguro de caución, asinado dixitalmente por apoderados con poder suficiente para obrigar a entidade. As persoas asinantes disporán dun certificado electrónico válido, conforme as previsións normativas nesta materia contidas na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; na lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, e restante normativa aplicable.



- A asesoría xurídica da Xunta de Galicia deberá verificar a suficiencia dos poderes dos asinantes.

**. Constitución de garantías:**

Comprobado que se cumpren os requisitos necesarios, a Caixa Xeral de Depósitos expedirá un resguardo acreditativo da constitución da garantía, asinado dixitalmente, que se enviará á entidade garante.

**. Cancelación de garantías:**

De acordo coa normativa reguladora das obrigas garantizadas, o órgano administrativo a disposición do que se constituiu a garantía, ditará orde cancelación que enviará a Caixa Xeral de Depósitos que será enviada polo rexistro electrónico.

Tramitada a cancelación, a Caixa Xeral de Depositos emitirá un xustificante e o comunicará á entidade garante.

En ningún caso o órgano administrativo comunicará ao interesado a cancelación dunha garantía sin antes realizar o trámite anterior coa Caixa Xeral de Depósitos.

Para as garantías depositadas segundo este procedemento, non será necesario retirar o documento presentado na Caixa Xeral de Depósitos dado que o xustificante de cancelación da garantía ten pleno poder liberatorio.

...